



## **César Vieites, con 'Ton', gaña a proba de Rastro de Xabaril de César**

O pasado día 18 de maio tiña lugar nos terreos do Tecor Riberas del Tambre en César, Oroso (A Coruña) o V Campionato de Rastro de Cans Atrelados de César, puntuable para a Copa Federación de Rastro de Xabaril.

Dábanse cita un total de 32 monteiros na proba, que contaba ademáis con abundante público. Finalmente foi César Vieites quen gañaba a proba co seu can 'Ton' ao acadar 208 puntos. Segundo era Gerardo Álvarez con "Moro" que acadaba 189 puntos; e terceiro clasificado era Francisco Rodeiro con "Ton" e 186 puntos.



Pos.	Participante	Can	Puntos
1º	César Vieites	Ton	208
2º	Gerardo Álvarez	Moro	189
3º	Francisco Rodeiro	Ton	186
4º	Manuel Mesías	Sol	181,5
5º	José Fuentes	Oirán	181

O campionato contaba ademáis cunha proba infantil, ca intención de fomentar a canteira de monteiros galegos, na que participaban 6 rapaces de entre 6 e 8 anos. O estilo, a educación, a deportividade e sobre todo a paixón coa que participaron todos eles levaron aos xuíces a dar un empate xeral.



**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)